

# Saúda

Ola amigo/a:

Un ano máis celébrase na nosa vila o Encontro de Embarcacións Tradicionais, que este verán chega a súa 6ª edición.

Entre a Asociación Cultural "Os Galos" e o Concello de Bueu, contando 'coa colaboración doutros organismos e empresas, intentamos levar a cabo un programa de actividades sinxelo e á vez moi importante dada a transcendencia que consideramos van ter en Bueu tódolos temas relacionados co mar.

O 2002 é un ano histórico que vai ser recordado entre outras cousas pola apertura ó público do Museo Massó, unha instalación tan relacionada co mar, con Bueu e coa historia, así como pola construción e posterior botadura do Bote Xeiteiro, un barco típico do noso pobo no pasado e que agora podemos contemplar navegando de novo polas costas bueuenses gracias ó interese e o celo demostrado pola asociación "Os Galos", que efectuou as xestións oportunas para sacar adiante a recuperación desta embarcación tradicional. Noraboa polo esforzo realizado.

O Concello de Bueu, a través da Concellería de Cultura, apoiamos e intentamos respaldar dentro das nosas posibilidades este tipo de iniciativas, xa que consideramos que a nosa vila vaise converter nun referente importante da cultura mariña en Galicia, dadas as nosas condicións naturais, histórico-culturais, infraestructurais, etc. Para promocionar todo este potencial estamos traballando na creación dunha Fundación coa axuda de distintas persoas vencelladas ó ámbito cultural do noso pobo.

Esperando e desexando que disfruten dos eventos organizados, así como da súa estancia entre nós rodeados de ambiente mariño, reciban unha forte aperta.

Bueu, xuño do 2002  
O Concelleiro de Cultura,  
*Manuel Freire Pastoriza*

ENCANTRO 2002  
embarcacións tradicionais

ASESORÍA FISCAL - CONTABLE - LABORAL  
JURÍDICA - ADMINISTRATIVA

## ASESORÍA CABODEVILA

**SEGUROS GENERALES: VITALICIO - AEGON**

BARCOS - VIVIENDAS - PLANES DE PENSIONES

AUTOS, COMERCIO Y OFICINAS - EMPRESA - TRANSPORTES

SEGUROS DECENALES - RENOVACIÓN PERMISO DE CIRCULACIÓN

Montero Ríos, 99 Galerías  
Telf 32 32 65 - 36930 Bueu